

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

EDICTO do 14 de xaneiro de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Cotiño, O Penedo e O Seixo, a favor dos veciños do lugar de Mundín, na parroquia de Garabás, no concello de Maside.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 10 de decembro de 2014, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Cotiño, O Penedo e O Seixo a favor dos veciños do lugar de Mundín, na parroquia de Garabás, no concello de Maside, resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 23 de marzo de 2010 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos vecinos de Mundín, na parroquia de Garabás, no concello de Maside, no cal solicita a clasificación como veciñal en man común do monte de varias parcelas.

Segundo. Con data do 9 de xullo de 2014, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instructor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abriuse un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Maside.

Denominación do monte: Cotiño, O Penedo e O Seixo.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Mundín, na parroquia de Garabás.

Superficie total: 18,02 ha aproximadamente.

Da paraxe: Cotiño.

Está integrada polas parcelas catastrais: 681, 682, 706, 707, 794 e 797 do polígono 4 no concello de Maside. Ten unha superficie total de 4.982,7089 m² (5 ha) segundo datos do Catastro.

Os lindeiros, seguindo a dirección das agullas do reloxo son:

Polo norte:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	151	Valentín Pereira
	150	En investigación
	149	José Rodríguez Araújo

Polo leste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	139	Daniel Puza Pousa
	138	Justino Araújo Peña
	137	Hdros. de Delfín Rodríguez Araújo
	136	En investigación
	42	En investigación
	75	Concepción Araújo Peña
	43	Josefina Pousa Puza
	76	Cesáreo Álvarez Álvarez
	67	Delfín Casado González



Polígono	Parcela	Titular catastral
	9008	Concello de Maside
	55	José Rodríguez Araújo
	694	Agustín González Casado
	691	En investigación
	690	En investigación
	689	Encarnación Soto Gayoso
	684	José Rodríguez Araújo
	685	M. Dolores Pousa Meiriño
	683	Carmen González Castro

Polo sur:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	9007	Concello de Maside

Polo oeste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	705	Veciños de Amarante
	741	En investigación
	667	Hdros. de Delfín Rodríguez Araújo
	677	Concepción Ada
	676	Eladio García
	675	Manuel Crespo
	674	Carmen Nogueira González
	673	Concepción Ada
	663	Concepción Rodríguez

Da paraxe: O Penedo.

Está integrada polas parcelas catastrais: 97, 262 e 757 do polígono 4 e a parcela 487 do polígono 5, do concello de Maside. Ten unha superficie total de 11.932 m² (1,2 ha) segundo o informe pericial achegado.



Os lindeiros, seguindo a dirección das agullas do reloxo son:

Polo norte:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	331	Hdros. de Modesto Pérez Rodríguez
	332	Hdros. de Modesto Pérez Rodríguez
	333	Hdros. de Modesto Pérez Rodríguez
	334	Dorinda González Mosquera
	335	Higinio González López

Polo leste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
5	492	Sinesia Quintela Vázquez
	491	Higinio González López
	490	Gumersindo Álvarez Gutiérrez
	488	Agustín González Mosquera
4	9001	Deputación de Ourense

Polo sur:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	735	Hdros. de José Pousa Álvarez

Polo oeste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	563	Ernesto González González

Da paraxe: O Seixo.

Está integrada polas parcelas catastrais: 750, 751, 752, 753 e 754 do polígono 4 e a parcela 666 do polígono 5, do concello de Maside. Ten unha superficie total de 118.245 m² (11,82 ha) segundo o informe pericial.



Os lindeiros, seguindo a dirección das agullas do reloxo son:

Polo norte:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	556	Veciños do Barón (O Barón é unha parroquia do concello do Carballiño)
	635	Emilio Fernández Álvarez
	9013	Concello de Maside

Polo leste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	389	José González
	387	José Araújo Rodríguez
	386	José Pousa Álvarez
	385	Hdros. de Pedro González Rodríguez
	383	Francisco Álvarez Pousa
	379	Hdros. de Alicia Quintela Demanuel
	378	Hdros. de Pedro González Rodríguez
	377	Eladino de Francisco Álvarez
	369	Avelina Mosquera Freigedo
	368	Andrés Blanco
	367	Eudosia dos Reis
	9013	Concello de Maside
344	M ^a Teresa Lage Álvarez	

Polo sur:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9001	Deputación de Ourense
5	465	M ^a Teresa García González
	461	Benita Rodríguez Quintela
	665	Palmira Moure Cibeira



Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	235	José M ^a Caride Rodríguez
	234	José M ^a Caride Rodríguez
	239	Peregrina Álvarez Iglesias
	226	Teresa Álvarez Lage
	224	M ^a Carmen Blanco Fernández
	223	Manuel González Mosquera
	212	Peregrina Álvarez Iglesias
	211	Concepción Araújo Peña
	210	Josefa Pousa Castro
	207	María Álvarez Lage
	206	Josefina Pousa Puza
	205	Manuel González Mosquera
	9008	Concello de Maside

Polo oeste:

Polígono	Parcela	Titular catastral
4	9008	Concello de Maside
	1655	En investigación
	1654	Manuel Iglesias
	1653	Hdros. de Valentín Álvarez
	1652	En investigación
	1651	Encarnación Soto Gayoso
	1641	Pilar Nogueira
	1642	Liborio Nogueira
	1643	Juan Bautista González Cabo
	1644	Pilar Nogueira
	1645	Manuel Nogueira
	1646	M. Esther Barroso Casado
	9008	Concello de Maside

O monte para clasificar non invade ningún monte xa clasificado e non forma parte de ningún consorcio nin ningún convenio coa Administración forestal.



Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural e do Mar, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Cotiño, O Penedo e O Seixo, a favor dos veciños do lugar de Mundín, na parroquia de Garabás, no concello de Maside, de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 14 de xaneiro de 2015


Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense



579500







580000

580500



 XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Servizo de Montes de Ourense

MVMC "COTIÑO, O PENEDO E O SEIXO" PERTENCENTE AOS
 VECIÑOS DO LUGAR DE MUNDÍN NA PARROQUIA DE GARABÁS NO
 CONCELLO DE MASIDE, CLASIFICADO POR ACORDO DO XURADO
 PROVINCIAL DE MONTES DE OURENSE DE 10 DE DECEMBRO DE
 2014

- LENDA**
-  COTIÑO
 -  O PENEDO
 -  O SEIXO
 -  PARCELAS DO POLÍGONO 4
 -  PARCELAS DO POLÍGONO 5
 -  RESTO DE PARCELAS DE MASIDE

ESCALA 1:5000

SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89
 COORDENADAS UTM FUSO 29

OUTUBRO DE 2015

BASE CARTOGRÁFICA: CARTOGRAFÍA DA "DIRECCIÓN XERAL DEL CATASTRO" ACTUALIZADA A 2015

579500

580000

580500

4699000

4698500

4699000

4698500

4697500

4697500